I DUATLON DA BAÑA

CLASIFICATORIO
CAMPIONATO GALEGO DE DÚATLON 2023
CIRCUÍTO SUPERSPRINT CD/JXV/JN
Proba de promoción de menores

26 DE MARZO

Proba Solidaria. A inscrición será doada íntegramente á Asociación Española de Grinpatías

REGULAMENTO DA PROBA

ORGANIZA:

Concellería de Promoción de Vida Activa e do Deporte do Concello da Baña

Federación Galega de Triatlón e PM.

Tlf. 982251345

Email fegatri@hotmail.com

DATOS DEPORTIVOS DA PROBA:

A proba rexerase polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlon e Federación Española de Tríatlon.
Ver Regulamentos 2023

DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN:

26 de Marzo de 2023
Praza do Concello- A Baña
42.99637782637752, -8.760117788617745

HORARIOS:

8:15 Apertura de secretaría e entrega de dorsais ás 8:00 h.
Haberá cronometraxe con chip, cada participante recollerao co seu dorsal, os cales serán devoltos integramente ao finalizar a carreira.

PROBA	CONTROL MATERIAL	SAÍDA	RETIRADA MATERIAL
Proba promoción menores	8:15 a 8:45	9:00	9:10 a 9:20
Circuíto Supersprint – Saída Masc	9:25 a 10:05	10:15	10:45 a 11:10
Circuíto Supersprint- Saída Fem		10:16	
Saída Supersprint Popular		10:17	
Masculina sen corte	11:15 -11:40	11:45	12:45-13:15
Masculina con corte 1:02:00 min para completar ciclismo/T2	13:00- 13:20	13:30	14:30-15:00
Feminina 1 h 35 Tempo de meta para clasificarse	13:00- 13:20	13:40	14:30-15:15

*****No caso de haber menos de 150 inscritos poderán unificarse as carreiras masculinas establecéndose un tempo de clasificación de 61:02:00 minutos**

- Hora estimada remate da proba e Entrega de premios supersprint 12:00 h.
- Hora estimada remate da proba e Entrega de premios Absoluta 15:15 h.

Os/as deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10 minutos antes da súa saída e retirar a súa bicicleta en canto cheguen á meta.

CIRCUÍTOS:

PROBA	CARREIRA A PÉ		CICLISMO		CARREIRA A PÉ	
Menores promoción	400 m	1 volta	2 Km.	1 volta	200m.	1 volta
Súper sprint	2 km	1 Volta	7 km	2 Voltas	1 km	1 Volta
Masculina	5 km	2 Voltas	19,4 km	4 Voltas	2,5 km	1 Volta
Feminina	5 km	2 Voltas	19,4 km	4 Voltas	2,5 km	1 Volta

INSCRICIÓN:

(Dende o 27 de febreiro ás 10:00 h. ata o 21 de marzo ás 23:59) - Probas con dereitos de circuíto e con límite de inscritos e prioridade a deportistas con licenza galega ou pertencentes a un club con dereitos de circuito galego aboados.

Proba Solidaria. A inscrición será doada íntegramente á Asociación Española de Grimpatías e aqueles participantes que o desexen poderán realizar unha doazón persoal coa súa inscrición.

PROBA DE PROMOCIÓN DE MENORES

Limitada a 180 participantes.

Deportistas nados nos anos, 2010 a 2015, categorías de categoría benxamín, alevín e infantil.

Prezo: Gratuíta

PROBA SUPERSPRINT

- **Circuíto Supersprint (CD/XV/JN)**

  Limitada a 180 participantes.

  Reserva de prazas por categoría e xénero proporcional ás licenzas ata o venres 3 de marzo

Categoría	Anos de nacemento	Prazas reservadas por categoría e xénero*
Cadete	2008 - 2009	38(F)/44(M)
Xuvenil	2006 - 2007	23(F)/46(M)
Júnior	2004 - 2005	11(F)/18(M)

* A reserva de prazas por categoría e xénero estará activa ata as 14:00 h. do venres 3 de marzo de 2023 - Dende o venres 3 de marzo ás 14:00h. ao martes 14 de marzo, ás 14:00 h. a inscrición estará aberta para cadetes, xuvenís e junior de calquera xénero, con licenza de triatlón en vigor.

Prezo: Gratuíta

- **Saída promoción Supersprint**

O mércores 15 de marzo abrirase unha inscrición para persoas nadas en 2009 e anteriores, con licenza de triatlón en vigor ou non federados/as que poderán tramitar licenza temporal de 1 día para inscribirse nesta saída, na medida en que queden prazas vacantes na saída de circuíto supersprint cadete, xuvenil e junior.

CLASIFICATORIO CAMPIONATO GALEGO DE DÚATLON DE ESTRADA – (Proba con dereitos de circuíto)

Saída sen corte - Limitada a 180 participantes

Saída Masculina + Feminina - Limitada a 180 participantes. Resérvanse 90 prazas para cada xénero ata o venres 3 de marzo ás 14:00 h. A partir desa data as prazas serán outorgadas por orde de inscrición, a calquera xénero ata completar límite de inscrición.
Límite tempo para clasificación Cpto. Galego 1h.35 minutos na saída feminina. Tempo de corte "saída masculina con corte".- para completar o 2º sector ciclismo: 1:02:00 minutos. Quen o supere non poderá saír á carreira a pé.

PRAZOS E COTAS DE INSCRICIÓN

Dende o 27 de febreiro ás 10:00 h. ata o martes 21 de marzo ás 23:59 ou ata completar prazas en cada tramo establecido nos puntos anteriores.

Prezo Circuíto de Estrada Absoluto: **18 €** - xuvenís gratuíta

Prezo supersprint: 10 € saída promoción -Gratuíta para circuíto (CD/XV/JN)

Nota.- Ao prezo anterior haberá que sumar no caso de non federados a licenza de 1 día de 12€ para absolutos e 6 euros para menores ata xuvenil)

*** Participantes que o desexen terán opción de realizar unha doazón persoal destinada á Asociación Española de Grimpatías a través da pestana á que accederán coa formalización da inscrición.*

Proba de promoción de Menores (Benxamín, alevín, infantil)

- Do venres 27 de febreiro ao martes 21 de marzo ou ata completar ás prazas.
  Gratuíta

Proba Supersprint Circuíto cd/xv/JN e saída promoción absoluta

- Do 27 de febreiro ao 3 de marzo ás 14:00 h.. Prazas reservadas por categoría e xénero (CD/XV/JN con licenza FEGATRI).
- Do 4 de marzo ao 14 de marzo ás 14:00 h. - inscrición reservada a deportistas con licenza FEGATRI cadete, xuvenil e junior de calquera xénero.
- Do 15 de marzo ao martes 21 de marzo ou ata completar ás prazas a inscrición aberta a calquera deportista para a saída de promoción.

Circuíto Dúatlon de Estrada (M/F)- <u>Só deportistas/clubs con dereitos de circuíto aboados.</u>

- Ata o martes 21 de marzo ou ata completar prazas de acordo ao establecido nos puntos anteriores en relación á reserva de prazas por xénero.
- *21 de marzo "se comunicarán las invitaciones concedidas a deportistas de otras comunidades, si han quedado plazas vacantes, dando plazo hasta las 14:00 h. para formalizar la inscripción."*

PROCEDEMENTO

A. Deportistas

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado Inscricións

Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario.

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

B. Clubs

Accederán a través do apartado competicións, picando en COMPETICIÓNS/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

C. Deportistas federados con licencia de otra comunidad que no hayan abonado derechos de circuito.

Dados los límites establecidos la inscripción será prioritaria para los deportistas con licencia gallega de circuíto o que pertenezcan a clubs gallegos con licencia de circuíto. De cara a facilitar la participación esporádica de deportistas de otras comunidades, recogida en nuestros reglamentos, en caso de quedar plazas deberán seguir el procedimiento detallado: Enviar el formulario de solicitud de invitación que pueden descargar de nuestra web a continuación indicamos el enlace http://fegatri.org/wp-content/uploads/2013/04/solciitude-invitacion-corredores-outras-comunidade1.pdf. Una vez que la Federación autoriza la participación el/la deportista procederá a la formalización de la inscripción a través de la plataforma y abonará la cuota con tarjeta a través del TPV. Si hubiesen abonado los derechos de circuíto se inscribirán directamente. El miércoles 15 de marzo, si hubiesen quedado plazas vacantes, se comunicarán las invitaciones concedidas a deportistas de otras comunidades al correo electrónico de la solicitud, dando plazo hasta las14:00 h. para formalizar la inscripción.

D. Deportistas sen licenza de tríatlon en vigor (Licenza temporal por 1 día) – PROBAS DE MENORES E SAÍDA PROMOCIÓN SUPERSPRINT no caso de quedar prazas vacantes nesta última, a partir do 15 de marzo

Cota de inscrición a partir de xuvenil : 10 euros
Xuvenís/Cadetes e menores : Gratuíta
Ao custe anterior incrementaráselle o importe da licenza temporal de 1 día (6€ menores/12 € adultos/2,20 deportistas con licenza de ciclismo)

Unha vez no apartado COMPETICIÓNS picarase en REGULAMENTOS/INSCRICIÓNS para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos. (Custe seguro licenza temporal de 1 día menores 6 euros, adultos 12 €, deportistas con licenza galega de ciclismo 2,20 €). Total a aboar deportistas sen licenza (Menores 6€/ Adultos : 22€)/Deportistas con licenza de ciclismo 12,20 €

O pagamento deberá facerse con tarxeta bancaria a través de TPV.

Imprescindible, para que a inscrición de calquera licenza de 1 día sexa válida, enviar a copia do DNI en vigor do/a deportista e documento de protección de datos que se pode descargar na seguinte ligazón https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx. No caso de

menores de 16 anos deberá ademáis enviarse o DNI da persoa responsable legalmente de autorizar a súa participación. Esta documentación debe enviarse á Federación Galega de Tríatlon a través da plataforma de inscricións.

BAIXAS E DEVOLUCIÓNS

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do correspondente prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE INSCRITOS

Lista provisional. O xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista, ...). É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Lista definitiva. O venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios)

LISTA DE AGARDA

Esgotadas as prazas en calquera das carreiras, abrirase unha lista de espera que se xestionará diariamente segundo se indica a continuación.

A lista de espera xestionarase diariamente, por orde de inscrición, de acordo ao presente regulamento, segundo as vacantes que se vaian producindo ata o remate do prazo de inscrición. Comunicarase ao/á participante correspondente, da lista de espera, por correo electrónico a vacante, dándolle prazo para formalizar a inscrición ata as 14:00 h. do mesmo día. A última incorporación será feita o 22 de marzo ás 14:00h.

PREMIOS E AGASALLOS :

- **Todos/as participantes recibirán un agasallo conmemorativo da proba**
- **Proba de promoción de menores**

Medalla para os tres primeiros e tres primeiras deportistas de cada categoría (Benxamín, Alevín, Infantil)

- **Proba Supersprint- Circuíto Cadete/Xuvenil/Junior**

Medallas para os tres primeiros e tres primeiras deportistas de cada categoría cadete, xuvenil e junior,

Trofeo para os tres primeiros clubs do circuíto supersprint

Medalla para os tres primeiros e tres primeiras deporistas da clasificación xeral absoluta masculina e feminina da saída popular .

- **Probas do Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada**

Medalla para os tres primeiros clasificados e clasifcadas de cada categoría: Absoluta, Xuvenil, Junior, Sub23, Veterano 1, 2 e 3 femininas e masculinos.

- Trofeo para os tres primeiros clubs masculinos e tres primeiros clubs femininos

Premios económicos para os gañadores da proba feminina e masculina da proba do circuíto galego de Dúatlon de Estrada:

- 1º clasificados feminina e masculino 150,00 €
- 2º clasificados feminina e masculino 100,00 €
- 3º clasificados feminina e masculino 50,00 €
- 1º Club masculino e feminino 200,00 €

Ao importe do premio económico individual practicaráselle unha retención do 15 % en concepto de I.R.P.F.
"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono". Exención covid-19 calquera deporstista que non poida quedar á entrega deberá avisar ao Delegado Técnico ou Xuíz Árbitro.*

NORMATIVA DA COMPETICIÓN:

A carreira rexerase segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega e Española de Tríatlon. https://fegatri.org/regulamento-deportivo/

OUTRAS NORMAS DE CARÁCTER XERAL:

CHEGADA A META:

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, onde, depositarán os seus chips nos recipientes habilitados e pasarán a avituallarse e saír da zona de post-meta, dirixíndose á transición para a retirada de bicicleta e material.

GARDARROUPA E VESTIARIOS:

Utilizaranse as instalación municipais, do campo de fútbol As Cartas e do pavillón de San Vicente, como vestiarios.
O servizo de gardarroupa habilitarase nunha zona na casa consistorial a carón da transición.

AVITUALLAMENTOS E POS CARREIRA:

Avituallamento líquido no segmento de carreira a pé, e avituallamento líquido e sólido na zona de pos-meta.

A organización convidará a todos os/as participantes a unha degustación de produtos dos establecementos locais.

REUNIÓN TÉCNICA:

Publicarase online o xoves antes da proba, na páxina web da FEGATRI, con toda aquela información técnica que afecte á competición.

OUTROS

A organización e entregará un agasallo conmemorativo do evento na zona de postmeta a todos/as participantes e convidará a degustar produtos ofrecidos polas empresas patrocinadoras do evento.

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente a interesados/as, calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do evento.

PATROCINAN:

- Concello da Baña

COLABORAN:

Club Triatlón Cervecería O Cotón Negreira

Asociación Española de Grinpatias

Secretaría Xeral para o Deporte